



O INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS ORGANIZA A SEGUNDA FUNCIÓN DOS **II SÁBADOS DE TEATRO**

AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

21 de outubro de 2017

20:30 horas

NOSTRUM CAI
teatro danza

Intérpretes:
Lola Fernández
Laura García
Raquel López
Ester Pedrouzo
Mar Freire
María Grandío

Dirección: Lola Fernández

ALBA. A CASA PECHADA
danza teatro

AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA
Sábado, 21 de outubro de 2017 - 20:30 h.

IESCHA Instituto de Estudos Chairegos
Buxiganga
Cultura

O Instituto de Estudos Chairegos, continuando co desenrolo dos **II SÁBADOS DE TEATRO**, organiza para o vindeiro sábado, 21 de outubro, ás 20:30 horas, no Auditorio Municipal vilalbés, a segunda función que correrá a cargo do grupo **NOSTRUM CAI**, que pon en escea **“ALBA. A CASA PECHADA”**.

Para esta actividade, o Iescha conta coa colaboración da Área de Cultura da Deputación de Lugo, estando incluída no circuíto **Buxiganga’ 2017**.

2ª FUNCIÓN

**SÁBADO, 21 DE OUTUBRO DE 2017, ÁS 20:30 h.,
NO AUDITORIO DE VILALBA**

ALBA. A CASA PECHADA, Nostrum Cai

Duración aproximada 65 minutos. Para público adulto.
O argumento, explicado polo propio grupo, di así:

“Silencio. En oito anos que dure o loito non vai entrar nesta casa o vento da rúa. Así foi na casa do meu pai e na casa do meu avó. Iso ten ser muller. Malditas sexan as mulleres”

É unha adaptación para danza-teatro da obra de **Lorca** *“La Casa de Bernarda Alba”*, realizada por **Lola Fernández** e **Sonia Fernández**. Está dirixida por **Lola Fernández**.

Conta a historia de tres irmás privadas de liberdade que desatan celos e paixóns e desafían a moral establecida e o despotismo da nai.

Nostrum Cai Teatro nace, no ano 2002, na cidade de Lugo. Os seus fundadores céntranse na formación teatral e no achegamento a disciplinas tan diversas como a dramaturxia, mimo, voz e verso, estudo da personaxe, comedia do arte, danza contemporánea, monólogos, contact, improvisación ou a danza butoh. Dende o seu nacemento recibiu varias distincións como unha mención honorífica na Mostra de Teatro Curto de Getxo por Soños ou premio Novos Creadores con Tatuaxes.

